

Valores naturais...



...e arqueolóxicos...



...do ZEC Macizo Central
no concello de Larouco

GUÍA DIDÁCTICA

Caderno do
profesorado



O CASTRILLÓN

Rede Natura 2000
ZEC Macizo Central



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural.
Europa inviste no rural



Xosetura coop
XOSÉTURA COOP



O CASTRILLÓN

É

**REDE NATURA
2000**

**ZEC MACIZO
CENTRAL**



INTRODUCCIÓN Á GUÍA DIDÁCTICA DO CASTRILLÓN

Estimados e estimadas docentes:

Co apoio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, o Ministerio de Medio Ambiente e os fondos FEADER europeos, o concello de Larouco presenta esta guía didáctica como apoio dun programa permanente de sensibilización sobre os valores naturais e arqueolóxicos da Rede Natura 2000 ZEC Macizo Central presentes no enclave de O Castrillón.

Estes son **obxectivos** da presente guía didáctica:

- Dar a coñecer O Castrillón como parte da Rede Natura 2000 ZEC Macizo Central, á que aporta os valores do seu ecosistema mediterráneo.
- Contribuír ao coñecemento polas novas xeracións dos valores patrimoniais naturais, históricos e culturais da nosa contorna.
- Fomentar o pensamento crítico, creativo e construtivo do alumnado, así como o traballo conxunto. A este respecto, súxírese a creación de grupos de *brainstorming* ou choiva de ideas dirixidos por vós sempre que sexa posible.
- A guía está aberta a servir como apoio a outras actividades ideadas por vós.

Cada páxina da guía dedícase a un tema ambiental ou arqueolóxico reseñable no Castrillón. Así, a guía **estrúctúrase** mediante breves introducións a cada tema que vos podedes ampliar co apoio deste caderno do profesorado.

Convosco será posible non só infundir o respecto aos valores patrimoniais da nosa contorna nas novas xeracións, senón facelo inmersos nun ambiente ameno e distendido que favoreza a súa necesaria difusión. Grazas!

PERO... QUÉ É A REDE NATURA 2000?

Ao noso redor temos un mundo natural que necesita ser protexido para non desaparecer.

Hai máis de 30 anos que as autoridades europeas están seguras diso, e crearon a Rede Natura 2000 para conseguilo.

Dende entón centos de territorios están protexidos pola Rede Natura 2000 en toda Europa, uns como ZEPA e outros como ZEC.



? E ti, onde pensas que hai máis biodiversidade?

A
nun lugar con moitas árbores iguais

B
nun lugar con moitas árbores diferentes

ANOTACIÓNS

A **Rede Natura 2000** é un proxecto da Unión Europea para a conservación da biodiversidade. Trátase da maior rede coordinada de espazos naturais protexidos do planeta, con áreas en todas as rexións europeas.

As áreas protexidas son polo xeral de pequeno tamaño, e atópanse baixo a presión de actividades ou infraestruturas humanas. Con todo, a Rede Natura non pretende illar completamente estes espazos da sociedade, senón darlles un valor produtivo sustentable.

A Rede Natura 2000 distribúese en **Zonas de Especial Conservación (ZEC)** e **Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)**, declaradas segundo os hábitats naturais e especies senlleiras ou en risco de extinción presentes nelas.


Resposta. Existe máis biodiversidade nun lugar con moitas árbores diferentes, é dicir, nun bosque mixto. Os bosques naturais son mixtos, e constitúen unha fonte de biodiversidade. Os lugares cun só tipo de árbore non é un bosque natural, senón un monocultivo, e non é diverso de por si. Ademais afasta á fauna incapaz de alimentarse del, polo que reduce a biodiversidade.

POR QUE É IMPORTANTE A BIODIVERSIDADE?

Nun lugar con biodiversidade existen moitos tipos diferentes de seres vivos que conviven **en equilibrio**.

Se unha ou varias especies de eses seres vivos desaparece do lugar, pérdense o equilibrio e a biodiversidade.

Entón ocorren desastres, como que outras especies poidan medrar demasiado ata ser unha praga.



ESTAMOS EN EQUILIBRIO!



Pero, que pasaría se desaparecera o picapau?



Escribe catro accións do ser humano que destrúan biodiversidade...

...e outras catro que podemos facer para protexela



ANOTACIÓNS

Nós non vivimos nos bosques, pero tamén precisamos da biodiversidade no planeta. Grazas a ela a Terra vive en salud, e pode renovarse.

Resposta 1. Se desaparece o picapau, que come eirugas e outros insectos que actúan como pragas, estes se desenvolverían tanto que poñerían ás árbores en perigo. Despois, ao desaparecer estes do ecosistema, tampouco as eirugas poderían sobrevivir.

Ademais, a perda de árbores limitaría a fotosíntesis, coa que se consume CO₂.

Así podemos ver que a biodiversidade favorece ao planeta, e con iso tamén a nosotros mesmos.

Resposta 2. A biodiversidade está a diminuír a un ritmo alarmante nos últimos anos, principalmente debido a actividades humanas como os cambios no uso da terra (por exemplo, destrución de bosques naturais para crear monocultivos), a contaminación, a utilización de pesticidas na agricultura ou a introdución de especies exóticas invasoras que acaban coas especies autóctonas. Podemos protexela consumindo auga e recursos de xeito racional, non liberando especies no bosque, respectando á Natureza ou reducindo/reciclando/reutilizando.

O ZEC MACIZO CENTRAL É UN PARAÍSO... DE BIODIVERSIDADE!

O Macizo Central é un grande sistema montañoso no centro da provincia de Ourense.



Zona de bosques de ribeira

Zona de alta montaña

Larouco
Trives
Manzaneda

Zona de bosques mediterráneos

Zona de bosques de carballo e cerquiño

ZEC MACIZO CENTRAL

O CASTRILLÓN

Como ves, no Macizo Central existen moitos ecosistemas diferentes, e polo tanto moita biodiversidade!

Por iso está protexido como ZEC.

ANOTACIÓNS

Un ecosistema é un lugar da natureza formado por un espazo determinado ou concreto e os seres que o habitan. Poderíase dicir pois, que estes sistemas están formados por dous elementos principais, os organismos vivos (seres ou factores bióticos) e o espazo físico (elementos ou factores abióticos). Os primeiros son todos aqueles seres con vida que habitan un medio, xa sexan microorganismos, vexetais, peces, aves ou calquera animal, por exemplo nós, os humanos. Os segundos constitúen o medio físico, que está formado por compoñentes como a enerxía, a calor, a luz, o aire, os minerais, a dispoñibilidade de auga e os chans. Estes factores abióticos, pese non ter vida por si mesmos, son os que condicionan a vida dos organismos bióticos, ademais de facer que se desenvolvan cunhas características en condición ao ambiente no que están. Evidentemente, cada ecosistema ten as súas características, o seu clima, humidade, dispoñibilidade de auga e alimento, etc. e os organismos que alí habitan viven acorde con elas.


O Macizo Central é fonte de biodiversidade porque conta con moitos ecosistemas diferentes. Por iso foi declarado ZEC dentro da Rede Natura 2000.

QUE PLANTAS VIVEN NO CASTRILLÓN?

Larouco pertence á comarca de Valdeorras, que ten **clima mediterráneo**.

Isto é porque os seus invernos son fríos, os outonos e primaveras temperados e con choiva, e os veráns moi cálidos.

As plantas que viven na zona mediterránea están adaptadas a vivir nestas condicións.



Estas son algunhas adaptacións das plantas mediterráneas. **Para que pensas que lles poden servir?**

Follas pequenas

Para non perder moita auga co calor

Follas duras

Para que os animais non llas coman

Follas con picos



Segundo estas adaptacións das plantas mediterráneas, **cales destas árbores cres que habrá máis no Castrillón?**



Carballo



Cerquiño



Acíñeira

Te fixaches? Son árbores diferentes, pero **teñen algo en común**. Que é?



ANOTACIÓNS

Por que Valdeorras ten clima mediterráneo? En parte é debido ao **efecto Foehn**.

Cando sopra o vento de poñente procedente do océano Atlántico, a masa de aire ten que cruzar as montañas do Macizo Central e outras. Cando o aire tópase coa montaña, tende a ascender para pasar ese obstáculo. Conforme o aire aumenta en altitude, vai perdendo temperatura, e as nubes tenden a chover. Unha vez alcanzou o pico da montaña, comeza a descender. Mentres a masa de aire descende pola montaña, vai perdendo humidade e aumentando a súa temperatura, de tal forma que, cando chega á superficie, a súa temperatura é maior que coa que comezou a subir a montaña.

Así, Valdeorras e polo tanto Larouco ten un clima moito máis seco e cálido que as zonas de Galicia anteriores ás montañas.

Resposta 1. Para non perder auga as plantas mediterráneas teñen follas pequenas (pouca superficie de evaporación) e duras. Tamén ser duras e ter picos serven para non ser comidas polos animais.

Respostas 2 e 3. Acíñeira. As súas follas teñen as características da pregunta anterior. Os tres dan landras porque pertencen á mesma familia, aínda que A e B viven en ecosistemas con maior humidade.

E QUE ANIMAIS ATOPAMOS AQUÍ?

O clima dun lugar e as plantas que poden desenvolverse nel determinan que animais poden vivir nese lugar.

Por exemplo, os camelos están adaptados para vivir en climas desérticos, e non os atoparemos no alto dunha montaña!



E no Castrillón...

QUEN ESTÁ ADAPTADO PARA VIVIR NO CASTRILLÓN?



No ecosistema mediterráneo do Castrillón abundan os piñeiros.

un exemplo

Así, aquí atopamos algúns animais que están **adaptados** a abrir as súas piñas para comer os piñóns.




Os esquíos
teñen dentes serrados



Os paxaros
teñen pico punzante



Nunha visita ao Castrillón atopamos estas piñas. Alguén comeuse os seus piñóns! **Quen foi?**



No Castrillón e en calquera outro lugar os animais son moi difíciles de ver. Pero podemos saber cales hai polos seus **rastros e sinais**.



ANOTACIÓNS

O xeito de esquíos e paxaros de abrir piñas para acceder aos piñóns é un exemplo de como dúas especies diferentes evolucionaron dun xeito distinto para dar solución ao mesmo problema. Estas solucións, ademais, permítelles compartir o mesmo ecosistema, e con ello aumentar a súa biodiversidade.

Resposta. A piña marcada coa letra A foi pelada por un paxaro. O seu pico punzante deixa fíos de madeira na piña ao abrila. A piña B, en cambio, foi aberta por un roedor como un esquío. Nótanse as sinais dos seus dentes serrados.

Este exercicio serve de base para explicar outro concepto moi importante: no bosque é moi difícil divisar a fauna, pois os animais tenden a esconderse ao detectar a nosa presenza. Sen embargo, podemos coñecer que animais habitan a contorna mediante o avistamento dos seus **rastros e sinais**: pegadas, feces, restos de comida, pelos, plumas etc.

Aínda que non podamos velos, os animais están no bosque porque é a súa casa. É importante que nas nosas visitas os respectemos, gardemos silencio e coidemos a contorna na que viven.

OUTRAS PLANTAS E ANIMAIS QUE VIVEN NO CASTRILLÓN

No Castrillón atopamos moitas outras plantas e animais adaptados ao clima mediterráneo.

A FLORA → conxunto de plantas dun lugar



Xara



Cantroxo



Lavanda




Romeu



Se te ocorre por que ás plantas mediterráneas lles interesa cheirar tan ben?

Que ben cheira o bosque mediterráneo!

A FAUNA → conxunto de animais dun lugar co calor do clima mediterráneo os insectos desenvólvense moi ben



Carricanta



Lagarta colirrubia



Ferreiriño dos piñeiros



Xabaril

ANOTACIÓNS

A flora. Nestas imaxes da flora do Castrillón podemos ver que as plantas mediterráneas adoptan xeralmente as especializacións que vimos na páxina anterior. Nunha posible saída externa, convén que o alumnado poida experimentar cos sentidos (pero sempre con respecto) a dureza das follas e o seu aspecto coriáceo.

E non só iso, tamén o seu olor.

Resposta. Unha das razóns pola que as plantas mediterráneas cheiran tan ben é porque, como todas, precisan polinizarse. As plantas que se polinizan polo vento, por exemplo, non precisan de cheirar ben, senón ter polen facilmente transportable polo aire. Sen embargo, moitas plantas mediterráneas atoparon os seus mellores aliados nos insectos, pois o clima mediterráneo (cálido e seco) favorece o seu desenvolvemento. Para atraerlles, moitas plantas mediterráneas segregan aceites esenciais e crean flores con aromas que se aseguran a visita dos insectos.

A fauna. Da mesma forma que a polinización das plantas mediterráneas está moi mediada pola fauna, a dispersión das sementes e dos frutos tamén o está. Por iso atopamos moitos animais granívoros (que comen sementes) e frugívoros (que comen froitos) nos ecosistemas mediterráneos.

COMO PODEMOS AXUDAR Á VIDA NO CASTRILLÓN?

Unha parte moi importante da biodiversidade dun lugar son as aves que viven nel.

É tamén unha parte **moi frágil**, porque actualmente o ser humano destrúe coas súas actividades moitos dos seus refuxios.

No Castrillón as axudamos a sobrevivir construíndo novos refuxios para elas:

AS CAIXAS NIÑO!

Cada especie animal ten unhas necesidades e uns costumes propios. Por iso, as caixas niño son diferentes segundo o animal ao que vai dirixida.

Aquí estamos colocando unha caixa niño para ferreiro común, que é un paxaro de tamaño medio.

Para que lle guste ao ferreiro, a caixa debe ter:

tamaño medio

burato pequeno

para que non quepan os depredadores

paredes resistentes




Como te imaxinas entón as caixas niño destes animais? Debúxaas!



A Ferreiro azul. É un paxaro máis pequeniño que o ferreiro común.



B Moucho. É un ave rapaz nocturna máis grande que os paxaros.



C Morcego. É un mamífero voador que durme en covas e gretas.

ANOTACIÓNS

En toda Europa, a presión urbanística e industrial ou a agricultura reduxeron considerablemente os ecosistemas nos que poder atopar árbores maduras con oquedades para aniñar, contribuíndo ao retroceso das poboacións de aves insectívoras e de morcegos.

Distintos estudos sinalan a eficacia da colocación de caixas niño. Incrementan as posibilidades de aniñar a moitas especies que doutra forma téñeno difícil por isa falta de árbores con ocos. Así mesmo, confirman que trala colocación de caixas niño obsérvase un incremento da cría nelas que se estabiliza ao terceiro ou cuarto ano.

As caixas niño colocadas no Castrillón son un éxito, pois sempre son ocupadas por paxaros que sacan adiante a súa prole nelas.

Respostas. A caixa do ferreiriño azul é como a do ferreiro común, pero máis pequena, pois o paxaro é máis pequeno. Tamén existen caixas niño para rapaces, como o moucho. As caixas para mouchos son similares ás do ferreiro ou ferreiriño azul, pero máis grandes. Por último, as caixas niño para morcegos semellan un oco nun tronco ou cova: só teñen unha ranura inferior pola que o morcego pode entrar, e o interior é moi estreito.


ARQUEOLOXÍA: UN TRABALLO PARA COMPRENDER O PASADO

A arqueoloxía é un oficio que consiste na procura de restos que proporcionan información sobre o noso pasado.

Así podemos coñecer a nosa historia, e reflexionar sobre como mellorar a nosa forma actual de vivir.

QUE LEVAN NA MOCHILA?

Estas son algunhas das ferramentas de arqueólogos e arqueólogas para estudar o pasado.



9) Pero estas fases de traballo están desordeadas! Cal pensas que é seu orde para que os arqueólogos coñezan a historia dos nosos antepasados?

ANOTACIÓNS

Os arqueólogos estudan a historia do ser humano a través dos restos como ósos, tecidos, cerámica, ferramentas, características da paisaxe e das construcións. Entre as súas funcións destacan a escavación, identificación, rexistro e conservación de restos históricos. O seu traballo tamén implica a análise de laboratorio, a investigación, a xestión do patrimonio e o asesoramento de planificación.

Resposta 1.

- A) Pá coa que escavar para atopar restos.
- B) Caderno e lapis para escribir os datos e as conclusións.
- C) Brocha para limpar os restos.
- D) Libro co que investigar datos e estudos realizados con anterioridade.
- E) Regra e lupa para clasificar os restos.

Resposta 2.

As fases teñen este orde:

1. Investigar e estudar.
2. Escavar para atopar restos.
3. Limpar os restos.
4. Clasificar os restos.
5. Escribir as conclusións.

A HISTORIA ANTIGA DE LAROUCO

As terras de Larouco están poboadas dende moi antigo.

Os traballos arqueolóxicos amosan evidencias da existencia de poboadores hai máis de 2000 anos. Estes antepasados nosos vivían en poboados construídos sobre todo en **curutos** e noutros lugares moi inaccesibles. Eles eran...

OS CASTREXOS!



Por que pensas que buscaban estes sitios para asentarse?



A

Para vivir máis preto dos deuses

B

Para que outras montañas non lles taparan o sol

C

Para comunicarse mellor cos veciños dos curutos próximos

D

Para ter máis protección fronte aos inimigos

Romano!
Que vés buscar a esta terra?



ANOTACIÓNS

A cultura castrexa desenvolveuse desde finais da Idade do Bronce (1200-700 a. C.) ata principios da nosa era no noroeste da península ibérica, dentro dunha zona que abarcaría o norte do actual Portugal e Galicia, xunto ás zonas central e occidentais do Principado de Asturias, oeste da provincia de León e a provincia de Zamora.

A súa característica máis notable son os poboados fortificados coñecidos como castros (da forma latinizada *castrum*), dos que toma o nome. Con todo descoñécese o termo orixinal en lingua indíxena para definir aos castros.

Segundo as probas analíticas realizadas, o poblado do Castrillón data da 2ª Idade de Ferro (500-300 a. C.).

Resposta. Os castrexos construían os seus castros preferentemente en zonas altas de monte para poder defenderse mellor dos seus enemigos.

Gústanme moito o voso ouro, os vosos campos para criar viño e o voso clima. Creo que me quedarei aquí unha boa tempada!


E tanto foi así que en realidade

OS ROMANOS

nunca marcharon. Conquistaron aos castrexos, construíron vilas, e agora forman tamén parte das nosas raíces.



! Sabes que os romanos foron tan bos enxeñeiros, que as súas calzadas foron utilizadas durante moitos séculos? E en Larouco aínda o son hoxe!



Esta é a estrada principal de Larouco a vista de paxaro. Polas curvas que fai, coñécese como os

CÓVADOS DE LAROUCO



Debaixo do asfalto actual aínda está a calzada de pedra que construíron os romanos hai 2000 anos! É a

VIA NOVA

Tan longa, que atravesaba todo Ourense!

ANOTACIÓNS

Os romanos invadiron Gallaecia por primeira vez no ano 137 a.C. baixo o mando de Dacio Xuño Bruto. Tras séculos de dominación deixáronnos multitude de restos da súa cultura e enxeñería, tanto civil como militar.

En Larouco atopamos moitos deses restos:

- A calzada romana **Via Nova**, que unía Bracara Augusta (Braga, en Portugal) con Asturica Augusta (Astorga, en León). Os **Cóvados de Larouco** son a evolución desa calzada romana, transitada dende o século I en que foi construída ata hoxe.
- A **Ponte Bibeí** pertence ao concello de Quiroga, pero está moi preto de Larouco, no mesmo tramo de Via Nova. É a ponte romana mellor conservada de Galicia, e como os Cóvados de Larouco aínda soporta o tránsito de coches.
- **Lagares rupestres**. A súa orixe romana non é segura, pois poden ser aínda anteriores ou posteriores, xa na idade media. O que si se sabe é que os romanos apreciaron moito o clima mediterráneo de Larouco para a **producción de viño**, que aínda se mantén viva hoxe.
- Nos últimos tempos, novas escavacións en puntos de Larouco deron a coñecer restos de **asentamentos** romanos.

QUE ATOPARON OS ARQUEÓLOGOS NO CASTRILLÓN?

Cando os arqueólogos chegaron ao Castrillón, non sabían moi ben que atoparían nel. Aínda que se trata dun lugar típico de asentamento castrexo, podía tratarse doutra cousa.

Por iso, unha vez alí continuaron coa súa labor: **investigar!** E o que atoparon foi un dos poboados castrexos...

... MÁIS FORTIFICADOS DE GALICIA!



Aquí tiñan unha muralla ao redor do poboado

Catro foxos moi profundos escavados na rocha

Pedras fincadas no chan nos arredores do poboado para dificultar o paso aos inimigos



Contorna de difícil acceso



Se te ocorre por que os habitantes do Castrillón podían ter tanta necesidade de protexerse?

ANOTACIÓNS

As dúbidas do orixe castrexo do Castrillón esfumáronse moi pronto da cabeza dos arqueólogos. Indicáronllo primeiro algúns restos atopados e a conformación das vivendas, e confirmouno a datación pola proba do carbono 14 dun anaco de carbón achado nunha das casas escavadas. O carbón proviña da lareira de dita casa, e segundo a proba ten 2060 anos de antigüidade. A ocupación do Castrillón coincide polo tanto no tempo coa chegada dos romanos a Galicia.

Resposta. Aos arqueólogos sorprendeulles moito o nivel de fortificación do Castrillón. Non só pola a contorna case inexpugnable, senón pola construción nos puntos máis débiles de seguridade dos catro foxos, da muralla e da colocación de pedras fincadas para facer máis difícil o paso aos inimigos.

Estes inimigos podían ser poboacións dos arredores, e mesmo os propios romanos. Pero hai que pensar que en tempos dos castrexos non só outros pobos podían ser hostís, senon tamén o medio natural, que aínda non estaba tan domesticado como agora.

Os arqueólogos atravesaron os foxos, as pedras fincadas e a muralla, e chegaron ao interior do poboado. Alí déronse de conta da **dificultade de vivir** nun lugar tan protexido, pero á vez tan escabroso.

Veron que, para ter un sitio onde desenvolverse no curuto do Castrillón, os seus habitantes tiveron que escavar as rochas ata crear un chan chairo no que construír as casas.



CANTO TRABAJO LEVARON!

Está claro que os poboadores do Castrillón eran moi bos canteiros, e mesmo as súas casas, escavadas hoxe polos arqueólogos, eran de pedra. Ata o tellado!



ESCAVACIÓN

RECONSTRUCCIÓN



Ilustración de Esteban Souto



Por que pensas que os habitantes do Castrillón decidiron construír as súas casas dese material? E onde foron a conseguilo?

ANOTACIÓNS

O lombo do Castrillón é un grande e inexpugnable bloque de xisto entre os cañóns dos ríos Xares e Bibei. Os seus poboadores atoparon nel un lugar case invulnerable, pero á súa vez inhóspito para vivir.

Os poboadores do Castrillón tiñan tanto interese en habitalo que traballaron a rocha para crear socalcos nela, como actualmente se fai nos viñedos de terreos inclinados, e así poder asentarse as súas vivendas en solo chairo. As vivendas e os socalcos están a saír á luz co traballo dos arqueólogos no Castrillón.

Resposta. Despois de picar a rocha, sen dúbida os habitantes do Castrillón tiñan moito material para construír as súas casas. Unha delas, ademais, aproveitaba parte da rocha como muro (ver ilustración). Os restos deste muro coñécense dende sempre pola comunidade de Larouco como «O Mostrador».

Os habitantes do Castrillón tiñan tamén unha parte do curuto como canteira para obter máis pedra para as súas construcións e defensas.

O resultado é que a contorna influíu na identidade e idiosincrasia do poboado do Castrillón, xa que obtían a materia prima dela e polo tanto os muros das vivendas son moi característicos, con pezas alongadas de xisto tallado que se poden observar nas escavacións. Esta unión de contorna e idiosincrasia ocorre en todos os pobos tradicionais, pero se está a perder dende hai décadas pola globalización.

QUE SABEMOS SOBRE A FORMA DE VIDA NO CASTRILLÓN?

Ao escavar as ruínas das casas do Castrillón, os arqueólogos descubriron **moitos restos** nelas.

O estudo destes restos permite aos arqueólogos pensar sobre a forma de vida e as crenzas dos pobos antigos.



Unha das achegas foi esta ola. Os arqueólogos atopárona enterrada baixo a casa, e contiña sementes e osos.

Tralo seu estudo, os arqueólogos pensan que formou parte dun ritual dos habitantes da casa.



E ti, queres ser arqueólogo ou arqueóloga por un intre? Dálle á cachola e di, **por que pensas que os antigos habitantes do Castrillón enterrarían unha ola no chan da súa casa?**



Por Esteban Souto

ANOTACIÓNS

A recompilación de restos mediante as escavacións dálle aos arqueólogos datos cos que elaborar hipóteses sobre o modo de vida das persoas que ocuparon aquel espazo en tempos afastados.

Despois, os estudos e as probas de laboratorio poden confirmar ou rexeitar esas hipóteses. Todo arqueólogo e arqueóloga é, pois, un detective do pasado.

No caso da ola, atopala nun burato no chan da vivenda cuberta cunha lousa fixo emitir ao equipo de arqueólogos hipóteses sobre un depósito votivo ou fundacional. Despois os restos da ola pasaron polo laboratorio, e as probas identificaron no seu interior as sementes e os osos humanos.

Con esto, a hipótese que toma forza é que se trata dun ritual de enterramento que tiña que ver coas crenzas dos poboadores do Castrillón.

Resposta. Nesta actividade non se pretende chegar a unha soa resposta correcta. Trátase de deixar liberdade ao desenvolvemento dun *brainstorming* para que o alumnado poda vivir en primeira persoa o proceso da elaboración de hipóteses que caracteriza o traballo no campo da arqueoloxía.

VISITA O CASTRILLÓN

**E APRENDE MÁIS
DOS SEUS VALORES
NATURAIS
E ARQUEOLÓXICOS**

Rede Natura 2000
ZEC Macizo Central



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



Xoitura coop
Asociación Intercomunal de Produtores